

# **LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECIMIENTO.**

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS CON MOTIVO DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.**

*No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 58 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este concello establece a taxa pola realización de actividades administrativas para a apertura de establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.*

### **ARTIGO 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE**

*1. De conformidade con canto se establece polo artigo 20.4.i) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, na redacción dada pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, constitúe o feito imponible a prestación da actividade municipal, técnica e administrativa de control e comprobación a efectos de verificar si a actividade realizada ou que se pretende realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial, urbanística e medioambiental que resulte aplicable en cada momento, a calquera establecemento con actividade agropecuaria, industrial, comercial, profesional, de servizos e espectáculo público ou de actividade recreativa, así como as súas modificacións, ao obxecto de procurar que os mesmos teñan as condicións de tranquilidade, seguridade, salubridade, medio ambientais, acústicas e calquera outras esixidas polas normas reguladoras do exercicio da actividade de que se trate. Todo iso de acordo coas facultades de intervención administrativa conferidas aos municipios polo artigo 84 e 84.ter da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*

*2. Estarán suxeitos a esta Taxa todos os supostos nos que, de acordo coa normativa vixente, resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licenza, ou no seu caso a realización da actividade de inspección, verificación ou control posterior do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo e, entre outras, os seguintes:*

*a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade agropecuaria, industrial, comercial, profesional ou de servizos, en réxime de declaración responsable.*

*b) Ampliación de superficie de establecementos con licenza de apertura, sempre que non implique unha modificación substancial da actividade.*

*c) Ampliación de actividade en establecementos con licenza de apertura sempre que non se trate dunha modificación substancial da mesma.*

*d) Ampliación de actividade con ampliación de superficie en establecementos con licenza de apertura, sempre que non se trate dunha modificación substancial.*

e) Reforma de establecementos con licencia de apertura, sen cambio de uso nin ampliación superficial nin da actividade.

f) A re-apertura de establecemento ou local, por reiniciar a mesma o titular que obtivo licencia no seu día, se a licencia non tivera caducado.

g) A posta en coñecemento da administración de calquera modificación dunha actividade que se realizou a preceptiva declaración responsable.

h) Cambio de titular nas actividades nas que xa se realizou a preceptiva declaración responsable, tendo tal consideración a posta en coñecemento da administración de dito cambio por persoa distinta que para seguir exercéndoa nun establecemento sempre que tanto a propia actividade, o establecemento onde se desenvolva e as súas instalacións non sufriran modificacións respecto á desenvolvida polo anterior responsable e conforme a súa declaración, salvo as que expresamente se impoñan por precepto legal.

3. Aos efectos desta Taxa, entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto, ou ao aire libre, estea ou non aberto ao público, ou como complemento ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal, destinado, habitual ou temporalmente, ao exercicio de actividades económicas por conta propia.

## **ARTIGO 2. EXENCIONS**

Estarán exentos do aboamento da Taxa os seguintes supostos de traslado de local, sempre que se manteña no novo establecemento, a actividade anterior ao traslado:

- a) Como consecuencia de derrubamento.
- b) Declaración de estado ruinoso
- c) Expropiación forzosa realizada polo Concello

## **ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares ou responsables da actividade que se pretende desenvolver ou xa se

estea desenvolvendo en calquera establecemento industrial, mercantil ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitude de licencia ou similar para a mesma, ou se é o caso, por que presente declaración responsable.

## **ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE.**

Constitúe a base imponible da taxa o importe das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, segundo o tipo de actividade.

## **ARTIGO 5. TARIFA**

### **5.1. Tarifa básica:**

a) Licencia apertura actividades sometidas a avaliación de incidencia ambiental	200% Base imponible
b) Licencia apertura actividades non sometidas a avaliación de incidencia ambiental/Declaración responsable	125% Base imponible
c) Licencia apertura/Declaración responsable actividades non suxeitas do Imposto sobre Actividades Económica	78,18 €

Cambios de Titularidade	25% da Tarifa
Actividades Ocasionais ou Temporais, ata un mes	25% da Tarifa
Actividades Ocasionais ou Temporais, ata 6 meses	50% da Tarifa

### 5.2 Ampliación e modificación.

• Os establecementos e as instalacións propias dos mesmos que sufran modificacións substanciais, que alteran e modifican a licenzia ou a declaración responsable anterior, abonarán unha cota equivalente á licenzia de nova implantación. No caso de que a ampliación de superficie non afecte as instalacións autorizadas, tomarase como superficie a que corresponda á ampliación do establecemento.

• Os establecementos e as instalacións propias dos mesmos que sufran modificacións non substanciais, e polo tanto que non alteran ou modifican con carácter substancial a licenzia ou a declaración responsable anterior, abonarán unha cota do 50 por cento que lle correspondese como nova implantación.

### 5.3. Coeficientes de incremento pola superficie do local:

Aquelas actividades que se desenvolvan nun establecemento permanente tributarán pola tarifa básica incrementada pola aplicación dos seguintes coeficientes: **SUPERFICIE DO LOCAL COEFICIENTE DE INCREMENTO**

Menor de 100 m <sup>2</sup>	Tarifa básica
Entre 100 e 200	1.5
Entre 200 e 500 m <sup>2</sup>	2
Entre 500 e 1000 m <sup>2</sup>	2,5
Maior de 1000 m <sup>2</sup>	3

### 5.4. Incremento por emisión de informes e outros trámites:

a) Control sobre ruídos e vibracións: O custo para o Concello

b) Control sobre vertidos á rede municipal ou a fosa séptica particular: O custo para o Concello.

c) Calquera outro informe que sexa preceptivo: O custo para o Concello.

Igualmente serán a costa do solicitante o pago dos anuncios e edictos que regulamentariamente sexan precisos na tramitación do expediente.

## **ARTIGO 6. DEVENGO**

1.Devéngase a taxa e nace a correspondente obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da

oportuna solicitude de licenzia de apertura ou no momento de emisión da acta que determine a verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial, no suposto de declaración responsable.

2. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola clausura da actividade ou suspensión temporal da mesma. Non obstante, se antes de ditarse resolución da concesión de licenzia ou que poña fin ao procedemento de inspección, comprobación e control se produce o desestimación da solicitude, por escrito, a cota tributaria reducirase ao 50%.

### **ARTIGO 7. XESTIÓN**

*Emitida a acta que determine a verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial, en relación coas actividades non suxeitas a autorización ou control previo, ou concedida a licenza de apertura, xirarase a oportuna liquidación, que será notificada ao suxeito pasivo, debendo se aboada, en período voluntario, nos seguintes prazos:*

*a) Si a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.*

*b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.*

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

*Queda derogada a ordenanza fiscal aprobada en sesión do Pleno da Corporación de 18 de novembro de 1989.*

### **DISPOSICIÓN FINAL.- APROBACIÓN E VIXENCIA**

*A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor hasta a súa modificación ou derogación expresa.*

